



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

ANUNCIO

RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E RELACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES QUE SUPERARON O 2º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 12 SOCORRISTAS (PS 4/2021)

Dado que foron presentadas as seguintes alegacións por diversos aspirantes:

- Fase de concurso:

Na que expón que non está de acordo cuns supostos cambios establecidos sobre a fase de concurso, dado que non se establece que o título do DESA teña que estar vixente.

- Fase de oposición:

a) Na que solicita a revisión da pregunta núm. 8, ao entender segundo os motivos expostos na súa alegación que a resposta correcta é a d)

b) Na que se solicita que se revise a corrección da pregunta R2.

- Respecto da alegación da fase de concurso:

Sen prexuízo de que non consta que o reclamante aportase, coa súa solicitude de participación no proceso selectivo, a documentación acreditativa de formación en DESA.

Consonte á base 7ª da convocatoria o Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases. E é independente e soberano para adopción das súas propias decisións sen quedar vencellado por acordos doutros tribunais constituídos en procesos selectivos de anos anteriores.

Considerando o establecido polo Decreto Consellería de Sanidade 38/2017, do 30 de marzo, polo que se regula a instalación e o uso de desfibriladores externos fóra do eido sanitario, e se crea o seu rexistro, no seu artigo 12 relativo á acreditación da formación, no seu punto 3. indica "As *certificacións individuais* terán unha vixencia de dous anos, contados a partir da súa expedición"

- Respecto das alegacións da fase de oposición:

a) Dado que o enunciado da pregunta núm.8 indica que xa se fixo unha avaliación previa da persoa accidentada e que esta atópase en estado inconsciente pero mantendo a respiración o que corresponde é colocalo/a en postura PLS de xeito que non sofra posteriores danos debido ao afogamento por falta de drenaxe de fluidos nas súas vías respiratorias

b)A pregunta R2 non foi obxecto de puntuación.

En base o exposto o Tribunal acorda por unanimidade :

1. Desestimar a alegación presentada respecto da valoración na fase de concurso da formación en DESA ao non aportar a documentación acreditativa.

2. Desestimar a alegación presentada respecto á pregunta núm.8 do cuestionario tipo test.

3. Inadmitir a alegación presentada respecto á pregunta R2 porque non foi anulada ningunha pregunta que determinase que a dita pregunta tivese que ser valorada.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

A continuación reflíctense as puntuacións das persoas que superaron o 2º exercicio da fase de oposición.

| Apelidos e nome | Tempo | Puntos |
|---------------------------------|--------|--------|
| Torreiro Guillén, Helena | 2'42'' | 20 |
| Torreiro Guillén, Lara Casilda | 3'01'' | 17,94 |
| De Arriba Pérez, Alejandro Luis | 3'21'' | 16,12 |
| Pita Insua, Tamara | 3'34'' | 15,17 |
| Carida Barbosa, Aarón | 3'40'' | 14,75 |
| Patiño Vázquez, Martín | 3'41'' | 14,67 |
| Pan Seoane, David | 3'44'' | 14,48 |
| Iglesias de León Cristian | 3'52'' | 13,99 |
| Rey López, Cristian | 3'55'' | 13,81 |
| Canosa González, David | 4'00'' | 13,50 |
| Boo Lamas, Hugo | 4'10'' | 12,98 |
| Veiga Rivas, América | 4'24'' | 12,27 |
| González Sanjurjo, Juan Carlos | 4'32'' | 11,92 |
| Álvarez Finez, Carlos Teodoro | 5'45'' | 9,39 |

Na puntuación das mulleres aplicouse a vantaxe de 30 segundos establecida na base da convocatoria

Sada, 11 de xuño de 2021

O presidente do tribunal

Alejandro Morales Quinteiro

-Taboleiro
-Taboleiro Sede Electrónica
-Web